


**PREDIXO:** CÓM Un temporal atlántico deixará precipitacións desde hoxe, con posibilidade de treboadas e cunha progresiva baixada dos mercurios

# UNHA SEMANA DE CHUVIA, VENTO E FRÍO EN GALICIA



As praias galegas, na imaxe, na praia da Ornada ou das Gaivotas, en Noia, encéanse esta fin de semana cos primeiros bañistas da tempada.

## FORTES REFACHOS ENTRE FISTERRA E BARES, E EN XERAL EN TODO O LITORAL DE CARA Ó MÉRCORES

Redacción · Sanxago

Pode parecer incríbel, incluso imposible, falar da chuvia agora que vimos de disfrutar, os galegos, dous días de veradeiro estío. Pero a realidade que nos agarda é esa: volven as precipitacións á comunidade. E non venen soas.

O frío e o vento tamén serán protagonistas nesta semana que hoxe mesmo estreamos. Xa nolo avisaba Ángel Rivera, vocero da Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aeme), días atrás: hoxe, luns, entra un temporal atlántico que deixará chuvias importantes e que se irá desprazando desde Galicia a toda a península a medida que avance a semana.

“É unha boa nova porque hai tempo que non tiñamos un temporal deste tipo –comentou Ángel Rivera–. Con todo, pode axudar un pouquín pero non é a solución á seca. Terían que producirse temporais sucesivos como este ó longo da primavera para que se paliara o déficit hidráulico”, engadiu Rivera.

Onte mesmo, en Galicia xa se notou a baixada das temperaturas. Unha tendencia que seguirá durante a semana e que nos deixará unha situación ben diferente á destes días.

## O mesmo para a fin de semana

A influencia da borrasca per seguirá na segunda metade da semana, polo que as probabilidade de que chova mantéñense altas de cara á fin de semana próxima, segundo estimacións de Meteogalicia

Así como as cousas, e segundo as predicións de Meteogalicia, hoxe, luns, a nosa comunidade queda baixo a influencia dunha área de baixas presións que nos traerá ceos moi anubrados pola mañá e precipitacións xa de cara a tarde, que poden vir acompañadas de treboadas.

Polo que respecta á temperaturas, as máximas ainda roldarán os 20 graus en Ourense e os 18 en Vigo e Pontevedra, pero as mínimas ca-

rán ata os cinco grados en Lalín ou os seis na cidade de Lugo. Os ventos, sopraran con intensidade forte entre Bares e Fisterra.

Mañá, miércoles, está situación farase máis intensa, agardándose máis chuvias por ficar Galicia baixo a influencia das baixas presións. Os ceos seguirán, pois, moi cubertos e seguirá chovendo, coa precipitacións de carácter localmente moderado, segundo Meteogalicia. As temperaturas mínimas manteranse, pero as máximas redúcense entre un e dous graos mañá.

Polo que respecta ós ventos, serán moderados no litoral, pero faranse fortes entre Bares e Fisterra de cara á tarde. Os refachos, con todo, deixaranse notar con maior intensidade xa de cada ó mércores, pois se prevé que os fortes ventos xa non se limiten á zona Bares-Fisterra e se extanden a todo o litoral, mentres que no resto da comunidade serán, en xeral, moderados.

## CANARIAS Activan a alerta laranxa nas illas

A Dirección de Seguridade e Riscos co Goberno de Canarias declarou onte a situación de alerta laranxa na provincia de Santa Cruz de Tenerife por ventos de componente oeste con refachos máximos de cen quilómetros por hora en zonas altas das illas

de Tenerife e A Palma. As áreas afectadas polos ventos más fortes foron os cumes das illas de Tenerife e A Palma entre os 2.000 e os 2.400 metros. A declaración de alerta laranxa produciuse cunte ás 12.00 horas e finalizou esta medianoite pasada

## AMAINA O TEMPORAL

### O Estreito recupera a normalidade

A redución da forza do vento na área do Estreito permitiu onte que as navierías puideran renovar todas as rotacións previstas entre os portos de Ceuta e Alxeciras (Cádiz) logo de sufriren o sábado ata catro cancelacións na liña. Segundo informaron fontes portuarias, os buques de alta velocidade das navierías Acciona Transmediterránea, Euroferry,

Buquebus España e Baleària normalizaron as saídas ó amainar o forte vento. As suspensións afectaron a catro viaxes da compañía naviera Baleària, que non puideron renovar o servizo ata o medio día. Unha situación máis acouganha da, ente, posibilitou cumplir con todas as vaxes previstas e descender a forza do vento entre as dúas beiras.

## 2.500 EUROS

Por nacemento de fillo ou por adopción

### Case 5.400 pagamentos en marzo do 'cheque bebé' na comunidade

Un total de 5.386 familias cobraron os 2.500 euros do fillo ou adopción o pasado mes de marzo do 'cheque-bebé' que puxo en marcha o Goberno a mediados do mes de novembro pasado.

Mais de 360.000 familias cobraron os 2.500 euros do 'cheque-bebé' en España, segundo os datos dos que císpón a Axencia Tributaria. Ademais, unhas 1.300 familias monoparentais (como as nais solteiras), numerosas cu aquelas cuja proxenitora teñen unha discapacidade superior o 65% recibiron os mil euros adicionais que lles corresponden por ter ou adoptar un fillo nesas circunstancias.

En concreto, recibiron esa subvención complementaria 838 familias numerosas, 448 monoparentais e 16 que teñen unha nai discapacitada.

Durante o mes de marzo, 123.000 nais recibiron os 2.500 euros por fillo ou adopción. Por comunidades autónomas a relación é a seguinte: 24.805 en Andalucía, 2.993 en Aragón, 1.720 en Asturias, 2.948 en Baleares, 5.513 en Canarias, 1.563 en Cantabria, 4.455 en Castela-León, 5.288 en Castela-A Mancha, 22.457 en Cataluña, 2.823 en Extremadura, 5.386 en Galicia, 16.591 en Madrid, 4.350 en Murcia, 1.679 en Navarra, 5.902 en País Vasco, 794 na Ríoxa, 13.254 en Valencia, 285 en Ceuta, e 261 en Melilla.

## MÁS DE 900 MILLONES EN TODA ESPAÑA DESDE 2007

Deste xeito, se se suman todos os importes, o Goberno concedeu ata agora máis de 900 millóns de euros por esta prestación económica, que foi anunciada o 4 de xullo do ano pasado polo presidente do Executivo, José Luis Rodríguez Zapatero, no Debate sobre o Estado da Nación. “España, para seguir progresando, necesita máis familias e con máis fillos. As familias necesitan máis apoio para ter eses nenos e máis recursos para criálos”, asegurou Zapatero. As nais que desde o 1 de xullo de 2007 dean a luz ou adopten un neno recibirán unha paga de 2.500 euros que se pode cobrar como dedución na cota do IRPF, ou como a prestación non contributiva da Seguridade Social.

As familias monoparentais, numerosas ou cuja nai é discapacitada perciben 1.000 euros mais que o resto a través dun pagamento único da Seguridade Social, sempre que o nacemento ou a adopción se producise despois do 16 de novembro. • E.P.